

MEMORIA 2004

FEDERACION DE CINECLUBES DE GALICIA

*Rúa Ramón Cabanillas, 1-ent
32004-Ourense
Teléfono: 988-235946*

INTRODUCCIÓN

A *FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA*, é unha organización que aglutina a práctica totalidade dos cineclubes existentes no noso país, que actúa como xestora dos mesmos, e ademais, como prestadora de servizos de asesoramento e organización de proxectos a entidades oficiais e privadas: programas de proxeccións, talleres de cine, mesas debate relacionadas co cine, etc.

CICLOS CONXUNTOS

A Federación de Cineclubes de Galicia organiza e coordina programas conxuntos para a maior parte dos cineclubes financiando unha boa parte dos custos de aluguer das películas.

— Teñen carácter trimestral.

Películas programadas:

Good bye Lenin
La cienaga
Buffalo 66
In this world
La flor del mal
Las invasiones bárbaras
Lejano
The station agent
Wilbur se quiere suicidar
Together
Big fish
Zaman, el hombre de los juncos
Dogville
Ser y tener
Capturing the friedmans
El testamento del doctor Mabuse
Northfork
El hombre del tren
Whale ride
La mujeres de verdad tienen curvas
Atún y chocolate
Fahrenheit 9-11
Osama
Calabuch
Todo o nada
La sangre del condor
Harlam county usa
Rocco y sus hermanos

Nestes ciclos participaron os seguintes cineclubes:

Cine club O Poleiro	A Guarda
Cine club Adegá	Vilagarcía de Arousa
Cine club Lumiere-Vigo	Vigo
Cine club Pontevedra	Pontevedra
Cine club Cangas	Cangas
Cine club Compostela	Santiago de Compostela

Cine club A Calexa
Cine club Valle Inclán
Cine club Groucho Marx
Clube de cine Cinematógrafo

Monforte de Lemos
Lugo
O Barco de Vadeorras
Salceda de Caselas

SEMANAS DE CINE

Organizadas polos cine clubs coa colaboración e o financiamento da Federación de Cineclubes de Galicia.

De destacada transcendencia en cada localidade.

Polo seu contido e calidade na organización, veñen acadando un gran nivel de aceptación.

Os programas inclúen, frecuentemente, encontros e debates nos que participan personalidades relacionadas cos medios audiovisuais.

No ano 2004 organizaron Semanas de Cine os seguintes cine clubs:

Cine club A Calexa
Cine club Groucho Marx
Cine club Lumiere-Vigo
Cine club Os Papeiros
Cine club Pontevedra

Monforte de Lemos
O Barco de Valdeorras
Vigo
Chantada
Pontevedra

PARTICIPACION EN XORNADAS DO AUDIOVISUAL

Participación e colaboración nas II JORNADAS DO CINEMA NO NORTE en Fafe, Portugal, sobre o cinema portugués e galego.

Participación dos cineclubes nos encontros FRONTAIS-OLHARES en Viana do Castelo, Portugal, onde se presentan as escolas de cinema de diversos países e os documentais dos Ateliers Varan.

Colaboración e participación no FESTIVAL INTERNACIONAL DE CURTA-METRAGENS de Evora.

CINE CLUB ÁDEGA

Durante o ano 2004, este cine club proxectou 21 películas das que 3 configuraron o ciclo de “a muller no cine” e 8 formaron o ciclo “historia do cine”.

O ciclo de “a muller no cine” ten lugar no mes de marzo, con motivo da celebración do día da muller traballadora.

No ciclo “historia do cine” proxéctase unha película o mes, nos que hai programación, menos no mes de decembro. O motivo deste ciclo e que se poidan visionar de novo filmes que se realizaron fai moitos anos e que marcaron un fito na historia do cine, os cales son de difícil distribución nas salas comerciais. Intentamos deste xeito render mensualmente unha homenaxe a os grandes títulos da historia cinematográfica.

O resto da programación está configurada por títulos de actualidade, primando sempre a calidade dos mesmos. En xeral, son películas que, o menos en Vilagarcía, sería totalmente inviable que se puideran ver nas salas comerciais. Así o cine clube convértese nunha alternativa o cine comercial, dado que existe un gran número de persoas que demandan este tipo de cine.

Procuramos, dado que o cine é un magnifico medio de comunicación de ideas e imaxes, que a programación conteña películas de diversos países, moi diferentes na súa cultura e nos seus costumes, posibilitando un mellor coñecemento dos mesmos.

Dende fai anos pasabamos 3-4 películas por mes, pero a partir de abril de 2002, debido o peche dos cines onde habitualmente realizabamos as proxeccións, tivemos que facer reaxustes no número de sesións mensuais porque o aluguer da sala sufriu on forte encarecemento o vernos obrigados a proxectar nos Cines Gran Arosa, dado que Vilagarcía non dispón neste momento dunha sala de cine de utilidade pública.

Trimestralmente facemos trípticos informativos coa programación detallada e unha sinopse dos filmes que se van a proxectar que se envían os socios e se poñen a disposición do público en xeral en diferentes lugares. A mesmo tempo colócanse semanalmente os carteis do filme que se vai a proxectar. Anualmente publicamos un libreto coa ficha técnica e sinopses de tódolos títulos programados.

As películas son contratadas a través da Federación de Cineclubes de Galicia, que a que nos xestiona o aluguer coas diferentes distribuidoras así como o envío das mesmas. Semanalmente temos un horario de oficina para atender ós socios interesados, na nosa sede os xoves de 19,30 ata 21 horas. Alí dispomos dunha biblioteca cinematográfica que está a disposición dos nosos socios.

Habitualmente participamos nas asembleas, reunións e actividades da Federación de Cineclubes de Galicia, cabe mencionar que foi en Vilagarcía onde se fundou a citada Federación no ano 1984.

A pesar de que o custo das películas (aluguer, transporte...) se vai incrementando seguimos mantendo estables as cotas trimestrais dos socios, dado o carácter cultural da nosa asociación que no presente ano 2004 cumpriu 28 anos de actividade de forma ininterrompida, proba da boa saúde da que aínda goza o cine de calidade e que hai moita xente que o demanda e disfruta. Nos, cos nosos medios, procuramos polo a disposición de tódolos vilagarcíans.

Os filmes programadas polo Cineclub Adegas o longo do ano 2004 foron os seguintes:

Ciclo cine de actualidade:

Soldados de Salamina
Togheter

Ararat
Ciudad de Dios
Soñadores
La pelota vasca
La flor del mal
In this world
Las invasiones bárbaras
Lejano

Ciclo historia do cine:

Al final de la escapada
Baby Doll
Amarcord
Mi tío
Cuentos de Tokio
El espíritu de la colmena
La coleccionista
La rodilla de Clara

Ciclo a muller no cine:

Caos
Las mujeres de verdad tienen curvas
Las hermanas de la Magdalena

CINE CLUBE PADRE FEIJOO

A principios do curso 1970-71 naceu, como actividade cultural dentro da Escola de Maxisterio de Ourense, o Cine club Padre Feijoo, herdeiro da tradición cineclubista da cidade que durante os sesenta foi representada polos cineclubes Ourense –de efémera vida, nacido en 1961 e fenecido pouco despois– e Miño –posto en marcha ao pouco de pechar o anterior, a aberto até 1964–. Nos setenta, o Padre Feijoo «desbordará os límites dun mero cine club e converterase nun dos elementos máis dinamizadores do movemento cultural, contribuíndo ao xurdimento e desenvolvemento dunha das manifestacións cinematográficas máis interesantes da década: as “Xornadas de Cine en Ourense”» (Angel Luis Hueso en *Historia do Cine en Galicia*, Via Láctea, 1996, pp. 185-6). As Xornadas pasan no ano 78 a se denominar “Xornadas do Cine das Nacionalidades”, abandeirando así o nacente cinema galego entre os das outras comunidades históricas do Estado.

Durante os oitenta, e xa definitivamente separado da Escola de Maxisterio, o Cineclub se segue con ciclos como as Mostras Cinematográficas (oito edicións) ou, máis tarde, o titulado “Espacios Fílmicos” en colaboración co Cine Duplex. A isto hai que engadir a organización de cursos de formación cinematográfica e conferencias, ciclos de cinema infantil, de humor, expresionismo alemán, cinema francés... e a edición de folletos e catálogos en galego practicamente desde a súa fundación (especialmente desde 1974; v. Marcos Valcárcel «Apuntes para a historia do cineclubismo galego» en *Entregas de Comunicación Cultural*, nº 7, Consellería de Cultura, 1984).

As proxeccións do Padre Feijoo teñen pasado por multitude de salas durante estes anos, desde cinemas comerciais ata salóns de actos públicos ou privados; coa inauguración a principios dos oitenta da Casa da Cultura, o seu salón de actos é acondicionado, mediante a instalación de dous vellos proxectores de 35 mm –que seguiron en funcionamento até este mesmo 2004–, mercados de segunda man e que teñen posibilitado que o Cineclub teña en Ourense unha especie de “sede” para as súas sesións. Soamente a fins dos noventa pasou a utilizarse de forma intermitente o Teatro Principal, equipado co gallo do Festival de Cinema Independente –utilización interrompida despois por un cambio na política da xerencia da sala–, e posteriormente existiu o proxecto, paralizado, de restauración e reequipamento da sala da Casa da Cultura.

Moitas persoas teñen pasado pola directiva do noso Cineclub: lembremos, por poñer tan só uns exemplos, a Emilio Losada –primeiro presidente da entidade–, Segismundo Bobillo –tamén membro dos cineclubes precusores–, José Paz, Marcos Valcárcel, Eloy Lozano, Manuel Aian, Alfonso Blanco ou Alberto Llorente –presidente desde 1995 até este 2004–. Un dos logros do Padre Feijoo foi a consecución da creación da Federación de Cineclubes de Galicia, con sede na cidade das Burgas e que hoxe por hoxe agrupa a todo o cineclubismo existente no país.

O Cineclub Padre Feijoo é un dos cineclubes en activo máis antigos de Galicia, tan só superado polo Cineclub Pontevedra (creado en 1954) e polo Cineclub Carballiño –infelizmente agora en horas baixas–, que só ten un ano máis. Aínda que a atención institucional ao labor cineclubístico deixa moito que desexar –o noso Cineclub ten sobrevivido nos últimos anos no límite da débeda, con axudas só para ocasións específicas– máis de trinta anos traendo bo cinema á cidade de Ourense son un feito que hai que celebrar, e a mellor maneira é seguindo adiante.

O ano 2004

O Cineclub continuou en 2004 a colaborar con outras institucións para o desenvolvemento de actividades, e así celebrou por terceiro ano o Obradoiro de Cinema coa Universidade de Vigo, que incluíu un Ciclo de Cinema Clásico.

A falta de pezas de reposto para os vellos proxectores, o mal estado do salón de actos da Biblioteca Pública, e a proximidade de inauguración do novo auditorio da cidade –no que se conta co

compromiso de cesión de sala para as proxeccións do Cineclube por parte da Concellaría de Cultura, fixeron que as proxeccións do mes de maio puxesen punto e final ás actividades do ano. Este peche prematuro provocou que non houbera a tradicional colaboración coa Casa da Xuventude durante as Xornadas de Banda Deseñada en outubro, mais confiamos en que o ano entrante permita reiniciar a normal marcha das actividades cineclubistas.

Proxeccións ano 2004

Programación semanal

El último golpe
Before the storm
Respiro
Flores de sangre

Proxeccións especiais

Puerta del tiempo
Hay motivo

Ciclo de Cinema Clásico: organizado co Vicerreitorado de Planificación e Desenvolvemento do Campus de Ourense da Universidade de Vigo dentro do Obradorio de Cine, coordinado polo Cineclube Padre Feijoo en colaboración do Cineclube Pontevedra e mailo Cineclube Universitario Kinema, de Vigo.

Al final de la escapada
El hombre del carrito
Vértigo
Mi tío
El crepúsculo de los dioses
Cuentos de Tokio

Outras actividades

Obradoiros de Cine

Por terceiro ano consecutivo, entre marzo e maio foi organizado o Obradoiro de Cinema, nunha nova colaboración entre a Universidade de Vigo e o Cineclube Padre Feijoo. O Obradoiro, incluído dentro da oferta de Obradoiros de Extensión Universitaria do segundo cuadrimestre, foi impartido por Jose Domínguez e foi acompañado polo Ciclo de Cinema Clásico, aberto ao público xeral. A iniciativa, como nas dúas ocasións anteriores, realizouse en coordinación cos tres campus da Universidade –co Cineclube Pontevedra no desa cidade, e co Cineclub Universitario Kinema no de Vigo–, nunha aposta decidida para achegar á comunidade universitaria a Sétima Arte.

O Obradoiro constou de seis sesións prácticas, que foron acompañadas noutros tantos días da proxección cinematográfica (en formato 35 mm) de seis filmes en versión orixinal subtitulada. Como tema para o ciclo de proxeccións deste ano escolleuse a época que vai de 1950 a 1960, un momento no que se abandonou o clasicismo cinematográfico e se iniciaron novas xeiras cinematográficas, como a Nouvelle Vague francesa.

O profesor, Jose Domínguez, está vinculado desde 1998 ao movemento cineclubista vigués, primeiro no Cineclub Lumière e desde o ano 2001 no Cineclub Universitario Kinema. Tamén participou na realización de diversas curtametraxes e documentais como *The last Patrol* (Cora Peña), *Amazonas 2000* (Oscar Suárez) ou *Las lágrimas de la reina* (Oscar Suárez e Angel Regueiro). Durante os últimos anos, traballou como produtor executivo na empresa La Casa Mortimer. Igualmente, exerceu o periodismo en prensa escrita, en radio e en prensa electrónica. Actualmente imparte estudos de Operador de Cámara e de Posproducción Dixital.

CINE CLUBE VALLE INCLAN

O Clube Cultural Valle-Inclán obtivo o visado governamental dos seus Estatutos constituíntes con data 18 de febreiro de 1966.

O día 2 de marzo é elexida a súa primeira Xunta Directiva, marcándose unha cuota de 25 pesetas por socio.

O Valle-Inclán, como é coñecido popularmente en Lugo, nace primordialmente como Cine clube (cousa ben axeitada, pois o mesmo literato Valle Inclán subliñou a importancia da nova Arte Cinematográfica como compendio doutras, as plásticas, as sonoras e as literarias), seguindo a tendencia de representativas asociacións culturais da época, unhas das poucas maneiras de agochar dialécticas heterodoxas que a censura ollaba entón con grande xenreira.

Así, xa o 4 de marzo do mesmo ano proxéctase nunha sala alugada a primeira das cintas “Os paraugas de Cherburgo” de J. Demy.

O Valle-Inclán vai abrindo con sinalada dilixencia as súas actividades a toda clase de manifestacións da Cultura: Historia e Patrimonio cultural, Língua e Literatura, Teatro, Fotografía, reivindicacións e Manifestos de carácter cultural, social e político...Chega a contar con perto de mil socios.

O apartado de cine contemplou –e contempla pese á liberdade con que hoxe operan as empresas comerciais– a proxección de películas tanto de xeito illado como con periodicidade fixa, e atendendo sempre que elo é posible aos ciclos temáticos ou de autor, de maneira tal que en numerosas ocasións se tratou de harmonizar e xunguir os temas desenrolados –historia, literatura- en conferencias cos seus correspondentes no cine. Os lugares de proxección foron ata os anos oitenta as salas que se brindaban a elo, principalmente o Kursal, o Central Cinema e o España. Na renacementa que experimentou a sociedade nos anos 90, comezaron grandes dificultades para contar cos novos foros –os anteriores foron desaparecendo-, debido, sobre todo, ás compensacións económicas que exixían, o que aconsellou solicitar do Concello a cesión do Auditorio Municipal Gustavo Freire, que, aínda que precario, úsase na actualidade en agarda da construción do novo Auditorio-Teatro en proxecto, intramuros e polo tanto ben máis céntrico, o que resolverá o problema da relativa lonxanía do Campus Universitario do lugar de exhibición.

RELACIÓN DE PELÍCULAS PROXECTADAS NO ANO 2004.

Dolls
Donnie Darko
Ararat
In this world
Audition
Los espigadores y la espigadora
Happy times
Santa liberdade
Casa de los babys
Capturing the friedmans
Calabuch
Todo o nada

CINE CLUB CANGAS

A actividade do cine club ao longo do ano 2004 estivo marcada pola incerteza da viabilidade das salas de cine actualmente existentes en Cangas, xa que é nunha desas salas onde o cine club realiza as proxeccións en réxime de aluguer. Foi esa incerteza o que nos impediu realizar unha impresión de programas como viña sendo habitual e suplímolos con impresións realizadas por nós mesmos. Aproveitamos a páxina web da asociación cultural na que está englobado o cine club para difundir o noso programa de actos.

Podemos afirmar que ao público habitual vanse engadindo persoas novas co que se produce unha renovación do público habitual, ao que despois se engaden atraídos pola sonda dalgunhas das películas.

Para propiciar a asistencia de xente nova realizamos unha campaña entre os estudantes de secundario coa posta en circulación de vales de desconto para asistir a algunhas das películas. Agardamos continuar con este tipo de campañas e pensaremos na posibilidade de prolongalas no tempo.

Tamén estamos barallando a posibilidade de retomar a Semana de Cine sempre que poidamos dispor do Auditorio Municipal para realizar as proxeccións.

LISTA DE PELÍCULAS PROXECTADAS AO LONGO DO ANO 2004

La pelota vasca
In this world
El bonaerense
Good bye Lenin
En la ciudad
Osama
Elephant
Lejano
Samsara
Todo o nada
Zatoichi
El gran dictador
The station agent
Wilbur se quiere suicidar
El regreso
Primavera, verano, otoño, invierno...y primavera
Las invasiones bárbaras
Together

CINE CLUB OS PAPEIROS

Que nunha vila galega coma Chantada, onde dende fai dez anos non existe sala de cine comercial, máis de tres mil veciños poidan ollar en pantalla grande, en formato 35mm, películas de Ken Loach, películas premiadas co Oso de Ouro de Berlín, co Oscar, cos Goyas, coa espiga da Seminci... películas de catro continentes (Australia, Uruguai, Xapón e Escocia), asemade que poidan ollar un proxecto audiovisual propio "Cabodomundo", que dispoñan dunha cinemateca con curtas, películas clásicas, documentais, enciclopedias...é suficiente xustificación para a necesidade dun cineclube en Chantada. Pero debemos engadir a necesidade deste cineclube no ámbito do audiovisual galego (e portugués) coa convocatoria do único premio que existe en Galicia sobre audiovisual e medio ambiente, o "lobo de cinema", para reivindicar o recurso da imaxe coma ferramenta de sensibilización para unha sociedade máis concienciada co coidado da terra.

Ao longo do ano 2004 Os Papeiros levaron a cabo as seguintes actividades:

Xaneiro: entrega dos premios "Lobo de cinema" os mellores traballos audiovisuais sobre medio ambiente en Galicia e Portugal na Casa da Xuventude de Chantada.

Mellor documental: "Marea negra" de Xis Costa

Mellor ficción: "Lume" de Antón Atrio.

Galardoados cunha árbore e a escultura dunha cabeza de lobo feita polo artista galego "Lomarti".

Agosto:

11ª Semana de Cinema de Chantada. Proxeccións en formato 35 mm ao aire libre na Praza do Cantón de Chantada. Os filmes escollidos para esta edición foron:

Te doy mis ojos

Ciudad de Dios

La bicicleta de Pekín

Romasanta

5º Semana Curta. Proxeccións de curtametraxes en formato 35 mm: Lentura, A subela, As loiras os prefiren cabaleiros, Bobo furcia.

Actividades paralelas.

Presentación da curtametraxe "Lentura" a cargo de Manuel I. Nanín e Francisco

Baranda.

Curtas a carta: Elaboración dunha carta de curtas a proxectar na casa da Xuventude de

Chantada.

Café-cinema: foro de debate sobre o cine.

Votación popular: o público participante vota as mellores películas e curtas da semana

de cine.

Outras actividades:

Cinemateca Mamasunción: adquisición de bibliografía e material audiovisual a dispor dos/as veciños/as de Chantada, na Casa da Xuventude.

Kandalaria: creación dun fondo audiovisual sobre desenvolvemento, medio ambiente e cooperación, na "Cova da Terra", en Lugo.

CINE CLUB LUMIERE-VIGO

O Cineclub Lumière é unha asociación cultural sen ánimo de lucro recoñecida a nivel municipal co número de rexistro 275/93. Foi creada en 1993 por un grupo de persoas de diferentes profesións co fin de incorporar á cidade outra canle cultural, inexistente ata ese momento, e outro xeito de ver o cine.

Son fins desta entidade:

- A difusión da cultura cinematográfica.
- A estimulación da vocación e interese polo estudio e goce do cine.
- O achegamento do cine á sociedade dun xeito educativo e crítico.
- A promoción dos realizadores novos, facilitando a produción e posterior exhibición dos seus traballos.

Así mesmo, ten como obxectivo xeral organizar e ofrecer ó público unha colección ampla de materiais bibliográficos, gráficos e audiovisuais, que permitan a tódalas persoas interesadas acceder a unha información actualizada sobre temas específicos de cine.

Entre as actividades realizadas o longo da súa historia cabe destacar:

— As colaboracións estables –organizando diversos ciclos de cine– con numerosas entidades de Vigo, promotoras de cultura, educación, integración social e veciñal...como son: Concellería de Xuventude, Concellería de Educación, Concellería da Muller, Universidade de Vigo, Alianza Francesa de Vigo, Escola Oficial de Idiomas, Aula de Cultura de Caixagalicia, Obra Socio-Cultural do Centro Cultural Caixanova, Colexio de Arquitectos de Vigo, Fundación Érguete-Integración, Asociacións veciñais como o Plan Comunitario de Teis, Casco Vello, Val do Fragoso, etc.

— A organización, no ámbito estritamente cinematográfico de:

I Premio de Guións Chano Piñeiro no ano 1995.

Ciclos de cine galego-portugués nos anos 1993 e 1994.

Ciclo de cine cubano no ano 1997

Exhibición de curtametraxes de mozos realizadores, anos 1994 a 2003.

— Participación como xurado no Festival Internacional de Cine de Figueira da Foz (Portugal) no ano 1995 e no Festival Internacional Karlovy Vary (República Checa), ano 2002.

— Colaboración na produción de curtametraxes.

— Organización de exposicións, cursos, coloquios e mesas redondas.

— Participación en tertulias e entrevistas de radio e televisión.

Filmes proxectados no ano 2004

Mortu negra

Guimba, un tyran, un époque

Macadam tribu

La vie sur le terre

Lejano

Ararat

In this world

Mi vida empieza hoy

Suite Habana

La ciudad Louvre

En el pais de los sordos

Un animal, animales

El de menos

Ser y tener

Hanna K

Being Light

Pollock

La flor del mal
Ohayo
Manito
Caradiru
Polissons et galipettes
Bajo el peso de la ley
Estraño en el paraíso
This is spinal tape
Radio on
Swing
Los chicos están bien
Capturing the friedmans
Zamán, el hombre de los juncos
Northfork
El testamento del doctor Mabuse
Cinco condiciones
Japanese story
Una película hablada
El tiempo del lobo
El arca rusa
El invasor
Quiereme si te atreves
El ministerio del medo
Ultimatum a la tierra
Los comulgantes
Frankenstein y el monstruo del infierno
El cerebro de Frankenstein
La maldición de Frankenstein

Outras actividades

— Ciclo de Cine e Arquitectura: en colaboración co Colexio de Arquitectos de Vigo, os días 12 de xaneiro, 9 de febreiro, 17 de marzo e 19 de abril do ano 2004.

— Ciclo de Cine Francés: en colaboración coa Alianza Francesa de Vigo, un día ó mes dende xaneiro a xuño e de setembro a decembro.

Publicidade das actividades do Cineclub Lumiere-Vigo

Durante os meses que comprenden o presente proxecto, o Cine Clube Lumière procede á distribución de 100 carteis e 1.500 trípticos mensuais, nos que se recolle a programación das películas a proxectar polo Cine Clube. O reparto deste material faise nos seguintes estamentos locais: Academias, asociacións culturais, bibliotecas, institutos de ensino, medios de comunicación, organismos oficiais, pubs e cafeterías, universidade. Nos lugares citados repártense a totalidade dos carteis e ó 60% dos trípticos. O restante 40% resérvase para a súa distribución entre os socios e colaboradores asistentes a cada unha das proxeccións.

Perfil dos asistentes

A idade dos asistentes vai dos dezasete ata os cincuenta anos máis ou menos; estudantes, profesores e profesionais liberais.

CLUBE DE CINE CINEMATÓGRAFO

ORIXE E FINALIDADES.

O proxecto do Clube de Cine Cinematógrafo de Salceda de Caselas nace no ano 2001 como consecuencia da inxerencia dun grupo de afeccionados ó cine.

Despois dunhas iniciais reunións para establecer un grupo de traballo, procedeuse á elaboración e posterior presentación da documentación necesaria de conformidade coa Lei de Asociacións de 1964 e o Decreto 1440/1965. A presentación da documentación levouse a cabo o día 19 de abril de 2001, e a resolución ten data de 8 de maio de 2001 dando lugar ó nº de inscrición 2001/005562-1. Con data de 7 de xuño de 2001 solicítase o número de identificación fiscal, sendo éste o seguinte: G36386134.

Actualmente a asociación xa recibiu a resolución favorable da modificación dos novos Estatutos de acordo ó establecido na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo.

O proxecto do Clube de Cine Cinematógrafo, como entidade asociativa sen ánimo lucro legalmente constituída, segue desde o seu comezo os seguintes fins:

- Promoción e difusión da cultura cinematográfica, importante tarefa esta nunha vila na que non existe sala comercial algunha, mediante proxeccións periódicas.
- Achegamento do cine á sociedade dun xeito crítico e educativo, editando un pequeno folleto informativo referente á proxección a realizar.
- Potencia-lo interese polo estudio e goce do cine, aproximándoo ás xeracións máis novas.

1. RECURSOS NECESARIOS

Os recursos humanos necesarios para a realización da actividade son aportación específica do propio Clube de Cine Cinematógrafo, e fan referencia á planificación, coordinación e execución.

Os medios técnicos necesarios (sala de proxección, proxector, equipo de son e pantalla) son aportados polo Concello de Salceda de Caselas e o Colexio Público Altamira de Salceda de Caselas.

RELACIÓN DE PELÍCULAS PROXECTADAS NO ANO 2004

Ciclo
A subela
Taxia
Meigallos, sombras e papas de arroz
Granujas de medio pelo
Historias mínimas
El chacotero sentimental
Eyengui
Good bye Lenin
La cienaga
Buffalo 66

CINE CLUB PONTEVEDRA

O 24 de Abril de 1954 presentouse no Goberno Civil de Pontevedra o Regulamento do Cineclub Pontevedra, regulamento que foi aprobado o día 2 de Xullo do mesmo ano pola "Dirección General de Política Interior del Ministerio de Gobernación".

O día 13 de Xuño de 1954 comezaron as actividades culturais, previa autorización governativa provisional, coa primeira sesión cinematográfica que consistiu na proxección dos documentais "France 4 saisons", "Van gogh", "Versailles e ses fantômes" e "Balzac", que foron cedidos pola Embaixada de Francia.

O domicilio social estableceuse, daquela, nas oficinas da Delegación Provincial de Información e Turismo de Pontevedra, cedidas polo Delegado Provincial Sr. Alvarez Villar.

Son membros da Xunta Fundadora:

D. Julián Alvarez Villar
D. Enrique Fernández Villamil y Alegre
D. Rafael Landín Carrasco
D. Luciano del Río Besada
D. José Hermida Vidal
D. José Filgueira Valverde
D. Ramón Sabell Mosquera
D. Luis Lois Mosquera
D. Manuel Carrochano Gálvez
D. Antonio Odriozola Pietas

A autorización definitiva data do 18 de agosto de 1954, e o Cineclub Pontevedra é inscrito no Rexistro de Asociacións do Goberno Civil co nº 20.

O 17 de Outubro de 1955 prodúcese o primeiro cambio na Xunta Directiva que quedou como sigue:

Presidente: D. Rafael Landín Carrasco
Vicepresidente: Sr. Sandoval
Tesoureiro: D. Rafael Melero Granjo
Secretario: D. Juan Manuel Lezcano y Castedo
Vogal 1º: D. Manuel Sierto Pérez

A partir de aquí, D. Juan Manuel Lezcano y Castedo pasou a ser o alma máter do Cineclub Pontevedra, ben como secretario, o ben como presidente, ata os anos 70/80, nos que tomamos o relevo xeracións máis novas: Joaquín Fariña, Lino, Felipe, Carlos Osorio, Pedro Iturburrúa e Ana Fernández.

Nestes 50 anos, o Cineclub Pontevedra mantivo a súa actividade ininterrompidamente a pesares dos avatares e cambios ocorridos nas preferencias do público, nos cinéfilos e nos medios audiovisuais.

As actividades levadas a cabo polo Cineclub Pontevedra no ano 2004 foron as seguintes:

Ciclo Cine de Actualidade

Lejano
Ararat
En este mundo
Balzac y la joven costurera china
Abajo el telón

El abrazo partido
Zatoichi
Las invasiones bárbaras
Big fish
Zamán, el hombre de los juncos
Dogville
Ser y tener
Las maletas de Tulse Luper 1º- 2º parte
Te doy mis ojos

Ciclo Historia do Cine

Besame tonto
En bandeja de plata
Mr. Arkadin
América, América
Grupo salvaje
Nido de víboras
Moulin rouge
Winchester 73
Buenos días
Un americano en París
Un día en Nueva York
Ricardo III
La conquista del Oeste
Juegos de verano
La túnica sagrada
El Cid

Ciclo de Cine adicado a muller: lévase a cabo no mes de marzo, para conmemorar o día da muller traballadora.

Los espigadores y la espigadora
Las mujeres de verdad tienen curvas
Herencia
Promises
Te quiero para siempre

Obradoiro de Cinema: levado a cabo de forma simultánea nos tres Campus da Universidade de Vigo (Vigo, Pontevedra, Ourense).

Al final de la escapada
Vértigo
El hombre del carrito
El crepúsculo de los dioses
Mi tío
Cuentos de Tokio

Ciclo de Cine Galego: realizase no mes de maio para conmemorar o Día das Letras Galegas.

As loiras prefírenos cabaleiros
A subela
Meigallos, sombras e papas de arroz
O trasto
Taxia

Trofeo
Videos galegos e brasileiros
A escola das areas
Carrilanos, os túneles dun tempo
Entre a espada e a parede
Os Crebinscky
O décimo puñal
O pagador de promesas

Cine na rúa

Good bye Lenin
Cleopatra
Buscando a Nemo
Master and Comander

Semana de cinema 50 aniversario

Cómicos
La ilusión rota
Carta a tres esposas
Esa pareja feliz
Crónica de un amor

CINE CLUBE DE COMPOSTELA

A fundación do Cineclube de Compostela data da primavera de 2001, cando un grupo de mozos universitarios, estudantes da facultade de Ciencias da Comunicación, comezamos a proxectar filmes en vídeo no nomeado centro educativo. As proxeccións duraron tres meses, de marzo a maio. Cada filme viña acompañado dunha recensión na que algún de nós realizaba un estudio crítico da obra, práctica que continuamos dende aquela. Esta experiencia inicial foi un ensaio do que chegaría a ser logo o Cineclube, xa que nese tempo, unha vez confirmada a existencia dun público para as nosas actividades, comezámonos a organizar: constituímonos como asociación cultural, xurdiron as primeiras ideas, trabamos relación cos espectadores interesados no proxecto... Foise formando un grupo de persoas que querían facer cousas, entre as que se distribuíron as funcións básicas. Eran as trazas do futuro Cineclube. Dentro da programación daquela primavera xa aparecían algúns directores que seguirían presentes nas seguintes xeiras: Ingmar Bergman, Carl Theodor Dreyer, Robert Bresson, David Cronenberg, Aki Kaurismäki, Sam Peckinpah, Jim Jarmusch...

En xaneiro de 2002 comezamos a segunda xeira do cineclube exhibindo xa filmes en formato cinematográfico, 16 mm ou 35 mm, tódolos martes no Auditorio da Facultada de Xornalismo. A programación incluía ós directores que xa estaban presentes na primavera anterior e engadía outros como Jean-Luc Godard, Howard Hawks, Fritz Lang, Robert Flaherty, Woody Allen, Buster Keaton ou Luis García Berlanga. Nese tempo comezamos a formar un fondo de vídeo, de revistas e de libros, ó que tiñan acceso os nosos socios, servindo como canle alternativa de achegamento o cinema.

A terceira xeira comezou coa proxección dun amplo ciclo de cinema alemán (dúas semanas, vinte títulos, proxeccións gratuítas, directores como Friedrich Wilhelm Murnau, Win Wenders, Josef von Sternberg) realizado en colaboración co Goethe Institute.

Na cuarta xeira do Cineclube de Compostela, comezada en outono de 2003 e programada novo ata o mes de maio de 2004 (é dicir, ampliamos a duración da nosa actividade ata os oito meses) houbo varios cambios, cuantitativos e cualitativos. Naturalmente, a nómina de cineastas seguiu medrando: Jacques Tati, Federico Fellini, Yasujiro Ozu, Michelangelo Antonioni, Charles Chaplin, Jean Vigo, Theo Angelopoulos, Rainer Werner Fassbinder... Pero o máis importante foi o traslado das proxeccións á Sala Yago. A este acordo de colaboración cos responsables da sala hai que engadir outros, de carácter económico, co Concello de Santiago de Compostela o coa Asociación Cidade Vella, o que proba a implantación e a crecente importancia do Cineclube na vida cultural compostelá. A maiores, renováronse os acordos xa existentes coa Universidade e coa Alianza Francesa. O cambio de espazo (aínda que seguimos proxectando unha vez o mes como mínimo no Auditorio de Xornalismo) supuxo un incremento de público superior ó 100%, situándonos nunha media duns 190 espectadores (acadando máximos como o de 353 espectadores, na proxección do filme "O anxo exterminador" de Luis Buñuel, na que enchimos a Sala Yago. Outro dato salientable é o grande aumento do público non universitario, o que significa que o Cineclube esta diversificando os seus espectadores, transcendendo o sector universitario inicial.

RELACIÓN DE PELÍCULAS PROXECTADAS NO ANO 2004

La ciudad del Louvre
El país de los xordos
Un animal, animales
La menor de las cousas
Ser y tener
La noche
Una historia inmortal
F de fraude
Blinkity blank
El viaje de Citera

Santa liberdade
Bob el jugador
El hombre tranquilo
Innisfree
Tabú
El chico Törless
Nouvelle vague
Los carabineros
Fin de semana
Gernika
La esperanza
Cuerno de cabra
Winchester 73
El hombre del oeste
Ritmética
El mirlo
Gertrud
En un lugar solitario
La multitude
Correo nocturno
La espiral
Madade D...
El placer
Juegos de verano
El rito
El séptimo sello
Prisión
Un verano con Mónica
Música en la oscuridad
Persona
Sonrisas de una noche de verano
El manantial de la doncella
Freaks
El desconocido
Brujas
La caja de Pandora
Manhatta
Cuentos de Tokio
El azar baltasar
Mouchette
Rocco y sus hermanos
Harlam county USA

CINE CLUBE A CALEXA

Fai uns anos que un grupiño de xente do máis heteroxéneo, salvo na nosa afección ó cine, reunímonos nunha mesa da Casa da Cultura de Monforte ante unha convocatoria que vimos nos medios de comunicación locais. Tratábase de organizar un cineclube en Monforte: mellor aínda, tratábase de que en Monforte puidera verse un cine distinto, ese cine que aparece rara vez na carteleira das cidades medianas ou pequenas como a nosa. Dese grupiño saíron ideas, saíu o compromiso de organizarse, e incluso saíu o nome do futuro cineclube (unha resurrección reverencial dunha sorte de cineclube que existira anos atrás: A Calexa).

Como acontece con toda asociación cultural que se precie, os primeiros tempos foron de entusiasmo desaforado: nuns días estaban redactados os estatutos, comprometido un boletín periódico, encargados programas de man e posta en marcha unha modesta programación, organizada a veces en ambiciosos ciclos temáticos ou de directores. Estas primeiras proxeccións tiñan lugar na Casa da Cultura e alongábanse nun animado cinefórum.

Daquela Monforte tiña un vetusto cine, o “Cine-teatro Lemos”, que xa estaba agonizando cando demos a nosa primeira película en 35 mm, Reservoir dogs. Aquel día vimos claro que o futuro do noso cineclube estaba en proxeccións en pantalla grande. E cunha proxección neste formato tivemos o honor de despedi-lo “Cine-teatro Lemos” para sempre. A súa última película foi patrocinada con todo o aparato posible polo noso cineclube, nunha xornada histórica no cine en Monforte onde o escenario máis tradicional do cine na cidade era despedido con agarimo pola versión máis integrista dun cineclube: O “tren de sombras” de José Luis Guerín. Unha sesión derivada case en un mito para nos, da que nos levaría moito tempo falar...

A cuestión é que a modernidade chegou á nosa cidade representada por tres salas con tódalas condicións esixibles a un cine moderno: os “Multicines Hollywood”. Co tempo cineclube A Calexa chegou a un acordo coa empresa que rexenta o cine e tamén fomos dando coa fórmula: proxectar unha película tódolos mércores fin de mes, e organizar un festivaliño que xa leva catro outubros de vida. Festival que consta da catro longametraxes e, este ano, de dous documentais. E a fórmula vai funcionando moi satisfactoriamente, porque o cineclube proxecta con absoluta regularidade, e vaise rodeando dun público fiel que, a pesares dunha hora un tanto intempestiva e dun día da semana bastante anódino, ven ás nosas proxeccións unha e outra vez.

Naturalmente, nesta breve e dispersa síntese da historia do noso cineclube, é obrigado facer mención da súa intenta repercusión na vida social e cultural de Monforte e a súa comarca, do que hoxe é un referente cultural ineludible: xa ten ás súas costas varias exposicións (cartelería, programas de man, boletíns, etc.), algunhas delas con eco en medios de comunicación nacional. O cineclube ten colaborado de xeito moi activo con todo tipo de asociacións e colectivos (Asociación de Ferrocarriles, Asociación Salvador Allende, Alcohólicos anónimos, Drogodependencias...) e as súas proxeccións estenderonse tamén o público infantil nas datas vacacionais. Organizados alomenos dúas cenas anuais abertas a todo aquel interesado ó cine nas que as conversacións sempre derivan o mesmo tema: a nosa insubornable afección polo bo cine.

A presenza do noso cineclube nos medios de comunicación tamén ten sido moi intensa, por canto é colaborador asiduo da televisión e radio locais, fomentando o gusto polo bo cine e comentando as ofertas cinematográficas do noso entorno inmediato.

O cineclube A Calexa ten acadado un relevo e unha transcendencia na vida cultural de Monforte que nunca pensamos que ía ter fai seis anos, cando unha película era unha proba superada. Hoxe tódolos monfortinos saben que é o cineclub A Calexa. ¡Que mágoa sería perder todo isto!

Este tipo de organizacións non se sosteñen indefinidamente co traballo desinteresado e o entusiasmo da xente. Necesitan un apoio público decidido e claro. Queremos cultura, pois o seu é apoiar á xente que é capaz de organizarse e que acredita solvencia ofrecendo un produto cultural de calidade. Eles poñen a xestión, e os poderes públicos o seu apoio.

ACTIVIDADES 2004

Programación ordinaria

Las mujeres de verdad tienen curvas
Tiempos modernos
Good bye Lenin
Soñadores
Dogville
El regreso
Fahrenheit 9 11
Wilbur se quiere suicidad
Osama

V Semana de Cine de Monforte de Lemos

Cachorro
Vias cruzadas
La flor del mal
Las invasiones bárbaras

Colaboración co Concello de Bóveda (Lugo)

O lapis do carpinteiro

Ciclo de Cine Latinoamericano coa Asociación de Retornados

Historias mínimas
Kamchatka
Un lugar en el mundo

Cine Documental Portugués

15 documentais sobre a Revolución dos Caraveis

Charla coloquio encadrada na Semana de Cine a cargo de Moncho Lemos (xornalista cinematográfico) e X. Xoan Cabanas Cao (produtor)

Asistencia as Xornadas de Cinema de Fafe (Portugal)

Asistencia aos IV Encontros de Cinema de Viana do Castelo

Promoción e divulgación do documental “Fado” dos monfortinos Paulino Cadórniga e Ana Belén Fernández.

CINE CLUBE UNIVERSITARIO KINEMA

O Cineclub Universitario Kinema iniciou a súa andaina como asociación dedicada á promoción da cultura cinematográfica no ano 2002. Nos seus Estatutos establécese que o obxectivo primeiro da asociación é ofrecer á Comunidade Universitaria de Vigo en primeiro termo, e por extensión ó resto da sociedade, unha canle de achegamento á cultura cinematográfica nas súas distintas facetas e modos de expresión. Por tanto, a actividade principal a desenvolver é a organización de proxeccións onde se presente a tódolos interesados unha oferta de títulos distinta á dos circuitos comerciais, baseada nun criterio de calidade e interese cultural.

No ano 2004, terceiro da xeira do cineclub, as actividades iniciadas nos anos anteriores consolidáronse acadando maior difusión, destacando o crecemento do número de asociados e as cifras de asistencia ás proxeccións. Cómpre dicir que no desenvolvemento da actividade cultural do Cineclub Universitario Kinema o apoio da Federación de Cineclubes de Galicia foi fundamental, debido ó servizo prestado en representación, asesoramento, xestión e tamén mediación na contratación coas distribuidoras de cine. Tamén queremos destacar o apoio recibido do Concello de Vigo e tamén da Universidade de Vigo a través do Vicerrectorado de Extensión Universitaria.

As actividades desenvolvidas ó longo do ano 2004 foron as seguintes:

1. Ciclo de Cinema Clásico:

Repetindo unha iniciativa desenvolvida nos dous anos anteriores con gran aceptación de público, organizouse o III Ciclo de Cinema Clásico, de novo de forma simultánea nos tres Campus da Universidade de Vigo, en colaboración co Cineclub Padre Feijoo de Ourense e o Cineclub Pontevedra.

Nesta ocasión o programa tivo coma eixo a década comprendida entre os anos 1950-1960, unha época na que se produciron cambios de relevancia nos estilos e tendencias cinematográficos existentes. Numerosos críticos falan destes anos como da década dourada, debido ó elevado número de títulos que convertéronse en clásicos ineludibles á hora de estudar a evolución de sétima arte. Realmente, resulta difícil facer unha escolma suficientemente representativa entre as diferentes miradas que xurdiron durante estes anos. A variedade é tan rica e suxestiva que non é posible acadar nun breve ciclo unha visión global do dinamismo que animou eses anos admirables, ou expor todos os fitos que abriron novos camiños de expresión. Unha breve análise revela que tanto en América coma en Europa ou Xapón sucedéronse movementos ideolóxicos asociados a unha evolución social herdeira da convulsión das grandes guerras, á que non foi nin moito menos allea á industria cinematográfica, que recolleu estas influencias aportando documentos de valor inestimable para a comprensión do devandito momento histórico. O programa de proxeccións nesta ocasión foi o que se detalla a continuación:

Al final de la escapada
El hombre del carrito
El crepúsculo de los dioses
Vértigo
Mi tío
Cuentos de Tokio

A media de asistencia ás proxeccións, celebradas no Auditorio do Concello de Vigo, foi de noventa persoas. A prensa fíxose eco desta iniciativa, e o programa do ciclo foi difundido entre outros polo Faro de Vigo, Atlántico Diario e La Voz de Galicia.

Co fin de complementar a acción formativa que en si mesma constitúe cada unha das proxeccións, entregouse a cada un dos asistentes unha folla divulgativa na que se incluía unha ficha técnica completa do título proxectado, unha sinopse, e un breve relatorio das obras principais nas que interviron tanto o director coma os protagonistas.

2. Obradoiro de Introducción ó Cinema:

Formando parte do programa de Cursos de Extensión Universitaria do Vicerrectorado de Extensión Universitaria do Universidade de Vigo, organizouse por terceira vez este Obradoiro. O obxectivo principal pretendido era ofertar ós asistentes un primeiro achegamento ó mundo do cine, abarcando dende a súa orixe, a súa linguaxe. Tamén ofertouse ós asistentes unha revisión crítica das proxeccións do Ciclo de Cine Clásico celebrado en paralelo.

A duración do Obradoiro foi de vinte horas repartidas en dez sesións de dúas horas, e asistiron un total de sesenta e dúas persoas, que na valoración final do evento resaltaron a boa preparación do curso e a adecuación dos coñecementos impartidos ó programa proposto. Cómpre subliñar o aumento do número de asistentes ó Obradoiro (corenta persoas o ano 2003), reflexo do interese creado en edicións previas.

3. Participación na Feira de Asociacións Universitúa:

Coincidindo co comezo do curso lectivo 2004-2005, a Universidade de Vigo organizou a súa Feira de Asociacións, reedición da exitosa proposta iniciada o ano anterior, á que o Cineclub Universitario Kinema foi invitado a participar. O obxectivo desta Feira era por unha parte amosar as iniciativas de asociacionismo cultural, deportivo, social, etc, promovidas no eido da Universidade, e como estas iniciativas cumpren un labor útil a toda a sociedade, non restrinxindo unicamente o seu ámbito de actuación a propia Universidade. Así mesmo, pretendíase que todas estas asociacións dispuxeran dun entorno favorable para darse a coñecer e así fomentar a participación nas distintas alternativas propostas.

No amplo abano de actividades lúdicas e culturais organizadas na Feira, o Cineclub Universitario Kinema participou organizando dúas proxeccións de películas: Hana-bi e Hoxe empeza todo.

As proxeccións leváronse a cabo no recentemente inaugurado Aulario do Campus Universitario de Vigo, e recibiron unha boa acollida por parte do público, maiormente composto por membros da comunidade universitaria.

CINE CLUBE O POLEIRO

O Cineclub Poleiro xurdiu en 1998 pola necesidade de encher un oco cultural na nosa comarca do Baixo Miño no ámbito cinematográfico. O cine, entendido non só como un entretemento senón tamén como unha actividade artística dos nosos días, non pode quedar descoñecido a unha comunidade só porque non constitúe un marco urbano grande ou está lonxe deste. Os medios de distribución cinematográfica achegan a comarcas como a nosa só as películas máis comerciais que, as veces, non son as de maior valor artístico e cultural.

A actividade do Cineclub Poleiro, pola zona xeográfica na que actúa, é modesta. Dende a súa constitución, organiza ciclos de catro películas que se proxectan o primeiro xoves de cada mes, excepto nos meses de verán, no cine Avenida de A Guarda.

Por iso, procuramos seleccionar só aquelas longametraxes que consideramos de interese xeral, polos temas que trata, polo estilo e xénero, pola actualidade e pola inaccesibilidade ás proxeccións das mesmas. Non queremos descoidar aqueles traballos que se están a facer na península e en Iberoamérica. Gustaríanos que houbera unha actividade cinematográfica máis intensa en Galicia.

Durante o ano 2004, proxectáronse as seguintes películas:

Ciudad de Dios
Soñadores
In this world
Lejano
Las invasiones bárbaras
The station agent
Las mujeres de verdad tienen curvas
El hombre del tren
Santa liberdade
Whale rider

CINE CLUBE GROUCHO MARX

O Cine club Groucho Marx inicia a súa andadura a principios do ano 1980. O seu obxectivo fundamental, amais da exhibición e debate sobre o cine de calidade, é a introdución e a participación nos medios audiovisuais como soporte de gran transcendencia para a expresión e defensa da nosa cultura a través da imaxe.

Despois de numerosas dificultades nos primeiros anos causadas polo peche intermitente da sala de cine onde realizaba as proxeccións, pasou a converterse nunha das entidades pioneiras co desenvolvemento de proxectos de carácter experimental e nos que participaban un bo número de persoas relacionadas co mundo audiovisual galego e español.

Xa no ano 1985, crea a que se denominou "TV Groucho Marx", unha experiencia única no Estado Español ata aquel ano, que se baseaba na participación de moitos profesionais que se acercaron ao Barco de Valdeorras a ensinar aos diferentes equipos formados para o proceso comunicativo. Así, eran realizados programas de produción propia, informativos e unha sección dedicada aos traballos de video-creación que se presentaban para a proxección nas xornadas da semana de cine.

A introdución do cine no ensino foi un proxecto no que estaban implicados tódolos niveles de tódolos centros, EXB, Instituto de Bacharelato e FP, funcionando dun xeito coordinado con todos eles e desenvolvendo diversas experiencias pedagóxicas. Había grupos de debate nos que participaban os directores dos centros, mestres de diferentes materias, alumnos e membros do cine club Groucho Marx. Deste xeito determinábase o programa a seguir.

O resultado destas e outras experiencias eran expostas en varios foros polos membros do cine club convidados a tal efecto, como nas "Xornadas de Pedagogía da Imaxe" organizada polo Centro de Ensenanzas Integradas e a Generalitat Valenciana en Valencia, a participación no Festival Internacional da Infancia e a Xuventude de Gijón como xurado cualificador cun grupo de doce nenos pertencentes ó propio cine club Groucho Marx e que formaban parte do equipo redactor da publicación diaria do festival e na produción dos talleres de imaxe en funcionamento.

Ten publicación periódica que contén artigos de opinión e información detallada da programación. Chegou a ter un diario propio, o "Diario Marxista".

Actualmente ven realizando un promedio de máis de 100 proxeccións anuais, no salón de actos da Casa da Cultura de O Barco.

Ademais da programación habitual os actos máis relevantes ao longo do ano foron:

97 proxeccións ordinarias no salón de actos da Casa da Cultura de O Barco.

XV Semana de cine: do 9 ao 22 de xullo na Casa da Cultura de O Barco.

Celebración do día da muller traballadora.

Celebración do día do medio ambiente.

RELACIÓN DE PELÍCULAS PROXECTADAS NO ANO 2004

En la ciudad

Los abajo firmantes

Noviembre

Respiro

Sñadores

In this world

Salvoconducto
Verónica Guerin
La vida mancha
Elephant
En América
Deep blue
La luz prodigiosa
Osama
Astronautas
Zatoichi
Titus
Vidas cruzadas
La pelota vasca
The company
Samsara
Ser y tener
El regreso
Dogville
Good bye Lenin
El señor de los anillos: el retorno del rey
Bahia mágica
Romasanta
Las mujeres de verdad tienen curvas
Scooby Doo 2
Héctor
Lejano
Sakura
El principio de Arquimides
Troya
Atún y chocolate
El abrazo partido
La puerta del tiempo
Las invasiones bárbaras
La mala educación

CINECLUBE FANTASIO

No ano 2004 o número de cineclubes que integran esta Federación vese incrementado co ingreso do Cineclube Fantasio de Redondela.

Durante os meses que comprenden o presente proxecto, o Cineclube Fantasio contou coa colaboración da Concellería de Cultura e a Concellería de Participación Cidadá do Concello de Redondela, así como a subvención de 300 euros por parte da Federación de Cineclubes de Galicia por inicio de actividade.

A media de asistencia foi de setenta persoas presentes en cada proxección, agás nas do cine infantil do Nadal nas que se superaron as previsións con máis de trescentas persoas.

RELACIÓN DE PELÍCULAS PROXECTADAS NO ANO 2004

Ciudad de Dios
Historias mínimas
El gran carnaval
Osama
En este mundo
La guerrilla de la memoria
Hanna K
La ley de la calle
Dolls
Ararat
Las mujeres de verdad tienen curvas
Vías cruzadas
Lost in translation
Wilbur se quiere suicidar
El gran dictador
Anjé, la leyenda del Pirineo
La isla del cangrejo